



Resolución do procedemento de inscrición do monte Casa das Minas e San Bernabé no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 18 de xuño de 2020 o persoal técnico do distrito forestal XVI. Deza-Tabeirós propuxo o inicio do procedemento de inscrición do monte Casa das Minas e San Bernabé no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 10 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.
2. O 22 de setembro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte Casa das Minas e San Bernabé
3. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
4. Instruído o procedemento, o 16 de novembro de 2020 comunicouse ás persoas interesadas a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
5. Durante o trámite de audiencia non se presentaron alegacións.
6. O 10 de decembro de 2020 a xefa do Servizo de Montes de Pontevedra formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas





relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Que se inscriba o monte Casa das Minas e San Bernabé no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Número de rexistro: 36002

Nome do monte: Casa das Minas e San Bernabé

Pertenza: comunidade de montes veciñais en man común de Chamadoira

Concello: Cerdedo-Cotobade

Provincia: Pontevedra

Superficie total: 38,10 ha, en dous coutos redondos

Couto redondo 1 (10,71 ha):

Idade: 25 anos

FCC: 80%

Especies: *Quercus robur*, *Betula sp.*

Couto redondo 2 (27,39 ha):

Idade: 25 anos

FCC: 80%

Especies: *Quercus robur*, *Betula sp.*

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

